





Manual de inicio Software libre



CPI de ATIOS
Valdoviño



Mozilla FireFox



Mozilla FireFox

Índice de contenido

Introdución e obxectivos.....	5
Fundamentos de pantalla.....	6
Primeiros pasos da navegación.....	7
Manexo de marcadores.....	9
Órdes básicas do menú Archivo.....	10
Configuración da páxina de inicio.....	13
Exercicios.....	14



Mozilla FireFox



Mozilla FireFox

Introdución e obxectivos

De modo moi resumido Internet é unha rede que interconecta redes de ordenadores. Conectándose a esta rede é posible obter certos servizos, tales como o correo electrónico, os grupos de noticias ou o acceso a páxinas web, entre outros moitos.

Internet funciona mediante o que se denomina un modelo cliente-servidor. Isto significa que certos ordenadores na rede actúan como servidores e ofrecen unha serie de servizos, mentres outros ordenadores actúan como clientes e poden acceder a eses servizos.

Realmente, tanto servidores como clientes son programas executándose en ordenadores da rede. Nas prácticas deste curso imos aprender a utilizar determinados servizos da rede para obter información, e para iso imos usar un ou varios programas que actuarán como clientes.

Firefox é un dos exemplos máis significativos de programa cliente.

Os obxectivos desta primeira práctica son os seguintes:

- Coñecer de modo xeral o que é e para o que serve Firefox.
- Coñecer as principais compoñentes da xanela de Firefox.
- Aprender os fundamentos necesarios para navegar pola web.
- Aprender a utilizar as ordes básicas do menú Arquivo.
- Aprender a configurar algúns xeitos básicos do entorno.

Dado que nesta práctica imos utilizar fundamentalmente a web, definiremos en que consiste este servizo. A web (ou World Wide Web) é un servizo que permite a publicación de información multimedia en Internet. Con isto queremos dicir que é posible publicar documentos que inclúan texto, imaxes, son, filmes, formularios interactivos e un longo etcétera en continuo crecemento. Aínda que é o servizo máis coñecido pola rede, e o que provocou a súa enorme expansión nos últimos anos, non é o único, e por iso non hai que confundir Internet coa web.

O acceso á información publicada mediante este servizo adóitase denominar navegar e realízase mediante programas especiais que se soen denominar navegadores.

Firefox é un dos múltiples navegadores que se poden utilizar. Outros, como o Internet Explorer, funcionan de modo moi similar, e é de esperar que aprendendo a utilizar Firefox, sexa sinxelo adaptarse a calquera deles.

As prácticas vanse desenvolver sobre unha plataforma PC e utilizando a versión 0.8 do navegador "Firefox de Mociila". Aprenderemos a manexar o navegador web; a adaptación a unha versión posterior, e mesmo a outro programa navegador como o Internet Explorer, debería resultar sinxela, posto que as funcións principais destas aplicacións son similares.



Mozilla FireFox

Fundamentos de pantalla

Para arrincar a aplicación teremos que buscar a súa icona correspondente no disco duro e facer dobre clic sobre o mesmo.

Tamén pode arrincarse buscándoa mediante o menú **Inicio** de Windows ou no disco duro.



Tras arrincar a aplicación, aparecerá a xanela de Firefox cun xeito similar ao seguinte:



Vexamos de modo resumido cal é a función de cada unha das compoñentes que podemos ver na figura anterior:

- A barra de título da xanela contén o título que o seu autor deu á páxina mostrada.
- Os menús agrupan as distintas ordes de manexo da aplicación.



Mozilla FireFox

- A barra de navegación contén unha serie de botóns que permiten executar de modo rápido as funcións do navegador que se empregan con maior frecuencia.
- O campo de enderezo contén o enderezo da páxina amosada.
- A barra marcadores permite acceder a enlaces propostos por Firefox ou engadidos polo usuario.
- A área de contido mostra a páxina actual. Se o seu contido é maior do que colle na xanela contén unhas barras de desprazamento horizontal e vertical que nos permiten desprazarnos polo documento.
- A barra de estado amosa cando se está a producir a carga dunha páxina e a porcentaxe cargada.

Para saír do navegador úsase a orde **Archivo|Salir**. Non debemos confundir esta orde con **Archivo|Cerrar**, que tan só pecha a xanela actual, pero non se sae da aplicación.

Primeiros pasos da navegación

Cando accedemos a unha páxina, estamos a visualizar información en pantalla que se pode atopar en un ou en varios servidores distintos da rede. A maioría das páxinas están escritas utilizando unha linguaxe de formato especial denominado HTML, que permite integrar textos, imaxes, sons e toda unha serie de documentos de distintos tipos.

Ao utilizar este formato, o texto pasa a denominarse hipertexto, isto quere dicir que partes do texto se comportan como "enlaces" a outros documentos. Os enlaces aparecen como texto subliñado e noutra cor (normalmente azul). Se pulsamos sobre un deles, visualizaremos en pantalla a páxina asociada.

O feito de visualizar distintas páxinas e de acceder dende unhas a outras denomina navegar. Existen moitas formas de navegar e de acceder á información contida en Internet. De modo resumido, podemos acceder a unha páxina usando os seguintes métodos:

Escribindo o enderezo da páxina no campo de enderezo do navegador e calcando **Intro**.

- Abrindo un enderezo coñecido mediante a orde **Archivo|Nueva Ventan**.
- Abrindo un enderezo coñecido mediante a orde **Archivo|Nueva Pestaña**.
- Pulsando un enlace na páxina visualizada.

Cando mantemos o cursor sobre un enlace, este se converte nunha pequena man, e no indicador de estado amósase o enderezo ó que "apunta" o enlace.

- Pulsando o botón dereito do rato sobre un enlace, desprégase un menú de contexto, que ten opcións de **Abrir en Nueva Ventana o Nueva Pestaña**.



Mozilla FireFox

- Pulsando o botón do medio do rato sobre un enlace é equivalente a **Abrir Nueva Pestaña**
- Usando un enderezo gardado previamente como un marcador.
- Utilizando as ordes **Anterior** e **Siguiente**,

A orde **Atrás** permitiranos visualizar de novo a páxina anterior se temos accedido ao actual desde un dos seus enlaces. A orde **Adelante** permitiranos voltar a visualizar unha páxina se tornamos da mesma.

Ambas ordes poden accederse de tres modos, aínda que aparezan con nomes distintos en cada caso:

- Mediante os botóns correspondentes da barra de ferramentas (**Retroceder/Avanzar**).
- Mediante o menú **Ir**. (**Atrás/Adelante**).
- Mediante o menú contextual despregable co botón dereito do rato calcado sobre a páxina actual. (**Atrás/Adelante**).
 - Utilizando os enderezos que fomos percorrendo na sesión actual e que se amosan no menú **Ir**.
 - Pulsando a pequena frecha situada na parte dereita do campo de enderezo podemos despregar as páxinas ás que se accederon as últimas veces que se usou o navegador.

Outras dúas accións básicas que se adoitan utilizar á hora de navegar son:

- **Recargar** a páxina actual mediante o botón correspondente da barra de ferramentas.
- **Detener** a carga da páxina actual mediante o botón correspondente da barra de ferramentas.


Nalgunhas ocasións as páxinas web divídense en varias zonas que se poden actualizar de forma independente. Estas zonas denomínanse marcos. Os marcos poden conter partes integradas nun mesmo sitio web e almacenadas nun mesmo ordenador, ou poden conter distintas páxinas web. Un dos problemas que se plantexa neste último caso é que o enderezo que aparece no campo de enderezo do navegador pode non corresponder coa da páxina web incluída no marco que nos interesa. Para poder coñecer o enderezo da páxina que contén un marco, podemos abrilo nunha nova xanela do navegador situando o cursor sobre o mesmo e escollendo a opción **Este frame...** optar no menú de contexto obtido ao pulsar o botón dereito do rato pola opción que máis nos conveña.



Mozilla FireFox

Manexo de marcadores

Dada a enorme cantidade de páxinas web, resulta imposible lembrar de memoria os enderezos das nosas páxinas favoritas. Firefox permítenos gardalas como marcadores. O conxunto de todos os nosos marcadores constituirá unha especie de agenda, como a utilizada para gardar os teléfonos dos nosos amigos.



Firefox permítenos xestionar os nosos marcadores mediante o menú **Marcadores**.

A opción **Administrar marcadores** deste menú abre a xanela do **Administrador de marcadores** que conta coa súa propia lista de menús e que permite a xestión dunha ou varias listas de marcadores.

O usuario pode agrupar os distintos marcadores en distintas carpetas segundo as súas preferencias. No exemplo anterior hai unha carpeta chamada Carpeta Barra Marcadores que contén a maioría dos marcadores.

- Para ver o enderezo gardado nun marcador, podemos seleccionalo no menú **Ver** e escoller que se amose o enderezo.
- Para borrar un marcador ou unha carpeta abonda con seleccionalo na xanela do **Administrador de marcadores** e escoller a opción **Edición|Borrar**.
- Para engadir unha páxina como un marcador sen abrir a xanela **Administrador de marcadores** basta con utilizar a orde **Marcadores|Agregar a marcadores...** mentres se visualiza.
- Para crear unha nova carpeta, abonda con utilizar a orde **Archivo|Nueva carpeta** da



Mozilla FireFox

xanela **Administrador de marcadores** e darlle un nome.

- Para abrir e pechar as carpetas faremos dobre clic sobre elas ou pulsaremos o símbolo +/- que as precede.
- Para mover marcadores ou carpetas abonda con seleccionalos e arrastralos á posición desexada.
- Para mudar a información asociada a unha carpeta ou a un marcador seleccionámolo e escollemos a orde **Edición|Propiedades...** da xanela **Administrador de marcadores**.

Órdes básicas do menú Archivo

Neste apartado imos estudar algunhas das ordes básicas que podemos atopar no menú **Archivo**.



A orde **Archivo|Nueva Ventana** permítenos abrir outra xanela do navegador. Desta forma podemos visualizar distintas páxinas ao mesmo tempo.


A información que se visualiza na área de contido pode ser gardada no disco duro do noso ordenador como un arquivo, e posteriormente podemos voltar a visualizala abrindo o arquivo gardado.

Existen varias formas de gardar a información que se visualiza. En primeiro lugar podemos



Mozilla FireFox

utilizar a orde **Archivo|Guardar página como....** Ao executar esta orde abrírase un cadro de diálogo que dependerá do entorno no que esteamos a traballar (Macintosh, Windows, ...).no caso do Windows, o seu xeito será o seguinte:



Para gardar a información debemos dar tres datos:

- A carpeta na unidade de almacenamento onde queremos gardar o arquivo.
- O nome que queremos darlle ao arquivo. Por defeito dános un nome que podemos mudar; neste caso `www.google.es`.
- O formato co que queremos gardar o arquivo. Podemos escoller gardalo como **Texto** (Texto normal) ou como **Página web, sólo HTML** (Arquivos HTML) ou **Página web completa** no primeiro caso gardarase o contido da xanela como se fose un texto sen ningún tipo de formato. Se escollemos o formato HTML, o documento gardarase na linguaxe HTML e no terceiro gardaranse tamén as imaxes da páxina.

Unha vez gardamos a páxina, podemos voltar a abrila dende o disco duro ou disquete, sen ter que acceder a ela a través da rede. Para iso utilizaremos a orde **Archivo|Abrir archivo...** Isto dará lugar á apertura doutro cadro de diálogo similar ao seguinte:

Neste caso teremos que buscar o arquivo que queremos abrir na carpeta axeitada e unha vez seleccionado pulsar o botón **Abrir**.

Se o arquivo se gardou en formato texto, aparecerá en pantalla sen ningún tipo de imaxes nin formato. Se se gardou en formato orixe (HTML), o navegador "interpretará" o seu contido e amosaranos a páxina web que gardamos. Sen embargo, só aparecerán as imaxes contidas na páxina orixinal se o arquivo se gardou como **página web completa**.





Mozilla FireFox

No caso das imaxes, o formato no que se garda, é un específico para o almacenamento de gráficos distinto do HTML utilizado para gardar páxinas web.

Normalmente utilízanse os formatos gráficos GIF ou JPG, o que dá lugar a distintas extensións no nome por defeito do arquivo.

Para voltar a abrir unha imaxe faremolo seguindo os mesmos pasos que vimos anteriormente no caso dunha páxina web.


Configuración da páxina de inicio

Firefox pode personalizarse segundo os gustos e as necesidades de cada usuario.

Para iso proporciona toda unha serie de opcións accesibles mediante a orde **Herramientas|Preferencias**.

Non imos describir aquí o seu uso, posto que algunhas son abondo complexas e dependen da aplicación e da súa versión. Tan só imos estudar como configurar a páxina que se visualiza ao arrincar o navegador (páxina inicial).

Para iso utilizaremos a orde **Herramientas|Preferencias** e seleccionaremos a categoría Xeral no recadro esquerdo. Para indicarlle unha páxina inicial concreta, teclearemos o seu enderezo no recadro Enderezo do cadro Páxina de inicio.





Mozilla FireFox

Exercicios

1. Escribir o enderezo [http://centros.edu.xunta.es /cpideatios](http://centros.edu.xunta.es/cpideatios) no campo de enderezo e acceder á mesma pulsando Intro.
2. Acceder á páxina <http://edu.xunta.es> mediante a orde **Archivo|Nueva pestaña**.
3. Acceder aos distintos enlaces que aparecen na fila inferior da páxina.
4. Comprobar o que ocorre se interrompemos a carga dunha páxina co botón **Parar** e entón a recargamos co botón **Recargar**. Para iso teclear por exemplo o enderezo www.elpais.es no campo de enderezo.
5. Utilizar o menú **Ir** para cargar algunhas das páxinas previamente visitadas.
6. Utilizar o menú de contexto asociado a un enlace calquera para abri-lo nunha nova xanela.
7. Nunha das xanelas abertas voltar á páxina inicial mediante o botón **Inicio** da barra de ferramentas.
8. Pechar todas as xanelas menos unha, utilizando o botón de peche da parte superior dereita das mesmas ou a orde **Archivo|Cerrar**.
9. Abrir a páxina www.educanet.net/biblioteca/indice.html e acceder aos distintos enlaces do marco esquerdo na mesma xanela. Observar o enderezo que aparece no campo de enderezo. Acceder de novo a cada un deles nunha nova xanela e observar os enderezos.
10. Gardar algunha das páxinas visitadas anteriormente como marcadores.
11. Acceder ás páxinas mediante os marcadores.
12. Abrir a xanela Marcadores, crear unha carpeta Asignatura e colocar na mesma algúns dos marcadores creados.
13. Editar calquera dos marcadores gardados e mudar o seu nome e/ou enderezo asociado.
14. Riscar algún dos marcadores gardados.
15. Abrir a páxina www.usc.es
16. Seleccionar a orde **Archivo|Guardar como**, e crear unha nova carpeta denominada PAXINAS no escritorio.
17. Gardar dúas copias da páxina na nova carpeta. A primeira terá formato Texto e chamarase textusc, mentres que a segunda terá formato HTML (páxina web completa) e chamarase htmlusc.
18. Abrir ambos arquivos co procesador de textos **WordPad**. Este procesador atópase accesible a partir do menú **Inicio** de Windows no submenú **Programas|Accesorios**.



Mozilla FireFox

19. Gardar a imaxe da parte superior da páxina na mesma pasta e co nome por defecto.
20. Abrir os tres arquivos gardados co FireFox.
21. Imprimir unha páxina calquera.
22. Seleccionar como páxina inicial a páxina da asignatura: <http://www.google.es>
23. Saír do navegador e voltar a arrincalo. Comprobar que se pulsa a páxina seleccionada no exercicio anterior.
24. Pulsar algún dos enlaces da páxina e voltar a ela co botón **Inicio** da barra de ferramentas.
25. Buscar utilizando a barra de Google que aparece á dereita, algún tema do teu interese.